

DEPARTAMENTO DE FUNDAMENTOS DE COMPOSICIÓN

MATERIA: REPENTIZACIÓN

PROBAS DE ACCESO AO GRAO PROFESIONAL

Proba

A proba estará constituída por:

- Improvisación: improvisar a partir dunha secuencia harmónica dada, en 8 compases (estrutura pregunta-resposta de 4 compases cada unha), en diversas tonalidades.
- Repentización: LECTURA A 1ª vista dun fragmento de sonata clásica, dunha peza curta contemporánea, dun fragmento de coral a 4 claves e dun fragmento de cuarteto de corda.
- Transporte: transportar a unha 2ª ou 3ª alta ou baixa unha pequena peza de piano.
- Baixo cifrado: lectura de baixos cifrados con acordes tríadas e sétimas. Lectura e acompañamento de cancións de cifrado americano. Lectura e acompañamento de cancións con cifrado español.

Mínimos esixibles para superar a proba

- Improvisación: demostrar unha mínima habilidade para, a partir da secuencia harmónica dada, construír unha frase musical, co seu acompañamento e transportarlo a diversas tonalidades.
- Repentización: ser capaz de ler a 1ª vista un fragmento de sonata clásica, unha peza curta contemporánea, un fragmento de coral a 4 claves e un fragmento de cuarteto de corda.
- Transporte: coñecer a técnica do transporte e empregala para transportar a 2ª ou 3ª alta ou baixa unha pequena peza de piano.

- Baixo cifrado: demostrar capacidade de lectura de baixos cifrados, de lectura e acompañamento de cancións con cifrado americano ou español.

DEPARTAMENTO DE FUNDAMENTOS DE COMPOSICIÓN

MATERIA: HARMONÍA

Proba

A proba estará constituída por:

- Escritura musical: harmonización dun Baixo-Canto dado (sen cifrar).
- Audición: ditado harmónico a catro voces.
- Análise: análise dunha obra (ou fragmento) oral ou escrita.
- Interpretación ao piano: interpretación dunha secuencia harmónica cun patrón rítmico improvisado polo alumno/a.
- Composición dunha peza breve: partindo de esquemas harmónicos propostos ou propios, para piano.

Mínimos esixibles para superar a proba

Deberá demostrar un mínimo de destrezas que se poden resumir en:

- Escritura musical: coñecemento teórico e práctico dos elementos que forman parte dos contidos do curso, empregándoos nos exercicios harmónicos escritos cun mínimo de erros.
- Audición: capacidade para recoñecer os diferentes acordes, as funcións tonais, as cadencias, as progresións, etc.
- Análise: ser capaz de recoñecer e comprender os diferentes recursos harmónicos, formais, temáticos, rítmicos, etc.
- Interpretación ao piano: demostrar unha mínima habilidade no enlace de acordes, nos pequenos esquemas harmónicos, etc. no piano.
- Composición: ser capaz de compondor unha pequena peza, baseada nun esquema harmónico propio ou dado, cunha mínima calidade musical.

DEPARTAMENTO DE FUNDAMENTOS DE COMPOSICIÓN

MATERIA: ANÁLISE

Proba

A proba estará constituída por:

- Unha análise dunha obra (como mínimo).
- Unha audición. Con esta valorarase a capacidade do alumno/a para situar histórica e estilísticamente o escoitado, así como recoñecer outros aspectos da música estudados.

Mínimos esixibles para superar a proba

Deberá demostrar un mínimo de destrezas que se poden resumir en:

- O alumno debe estar en disposición de poder analizar, de xeito autónomo, unha forma binaria ou ternaria.
- Identificar os trazos característicos de cada estilo e época –Idade Media, Renacemento, Barroco, Clasicismo, Romanticismo, Postromanticismo, Impresionismo, Neoclasicismo, Dodecafonismo, Expresionismo, Serialismo, etc.
- O alumno/a debe estar capacitado para analizar con corrección a forma *Sonata*.
- Debe recoñecer e valorar as diferenzas estruturais entre unha *sonata* clásica, unha romántica e unha de épocas psoteriores.
- Identificar as diferentes seccións dunha *sonata* con desenvolvemento, e doutra, sen el.
- Analoizar con correcciónm unha forma de *minué* e *trío*.
- Recoñecer cada unha das aparicións do tema *rondó* e ser capaz de relacionar a estrutura da forma *sonata*, coa do *rondó-sonata*.
- Identificar as distintas seccións do *cuarteto* e do *concerto* clásicos.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Rúa Pablo Iglesias s/n
32004 - Ourense
tlf. 988391047- fax 988391971
cmus.ourense@edu.xunta.es
www.conservatoriourense.org

- Recoñecer os elementos e recursos estilísticos propios do Romanticismo.
- Relacionar o texto e a súa musicalización no *lied*.
- Identificar os procedementos harmónicos e contrapuntísticos propios da música do século XX.
- Recoñecer e identificar unha serie dodecafónica (nas diferentes posibilidades)

DEPARTAMENTO DE FUNDAMENTOS DE COMPOSICIÓN

MATERIA: HISTORIA DA MÚSICA

Acceso ao 5º curso de Grao Profesional

Contidos mínimos esixibles

- Música na Prehistoria e na Antigüidade: Exipto, Mesopotamia, Grecia e Roma
- A Música na Idade Media
 - O canto litúrxico cristián: os primeiros cristiáns, disgregación das liturxias e canto gregoriano.
 - A música profana: compositores e xéneros.
 - Organoloxía medieval.
 - A polifoníaa relixiosa: primeiros pasos e a Escola de Notre Dame.
 - Ars Antiqua e Ars Nova
- A Música no Renacemento: contexto e trazos das cinco xeracións de compositores dos séculos XV e XVI en Europa.
- A Música no primeiro Barroco: os inicios da ópera e primeiras pezas con linguaxe netamente musical.

Acceso ao 6º curso de Grao Profesional

Contidos mínimos esixibles

Os contidos sinalados anteriormente e:

- A Música no Barroco: música vocal e instrumental
- A Música no Preclasicismo: música para tecla e sinfónica
- O Clasicismo: Haydn, Mozart e Beethoven
- O século XIX: Romanticismo e Primeiros Nacionalismos
- O século XX: as vangardas musicais, novas linguaxes e compositores.

Criterios de avaliación xerais

- a)** Identificar, a través da audición, -con o usen partitura- obras de diversas épocas e describir as súas características máis destacables. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar os parámetros musicais dunha peza (timbres, textura, melodía, ritmo, harmonía, forma...) e os trazos de estilo máis importantes. É esencial que o alumnado sexa capaz de detectar os trazos esenciais dos períodos histórico-estilísticos.
- b)** Comentar e analizar exemplos de iconografía musical representativos de diversos períodos históricos. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para establecer conclusións de tipo musical, organolóxico e social ante as fontes visuais.
- c)** Relacionar a historia da música coa doutros aspectos da cultura e do pensamento. Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores ou obras, no particular, dentro do contexto social e cultural en que se produciron.
- d)** Identificar as circunstancias de todo tipo -políticas, culturais, económicas, ideolóxicas, sociais, artísticas, etc.-que poidan incidir no desenvolvemento evolutivo de cada época, estilo ou autor máis representativos da historia da música occidental. Este criterio avalía a capacidade á hora de analizar a complexidade de circunstancias e intereses que determinan o devir musical occidental.
- e)** Realizar comentarios de texto relativos á materia, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e para relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Rúa Pablo Iglesias s/n
32004 - Ourense
tlf. 988391047- fax 988391971
cmus.ourense@edu.xunta.es
www.conservatoriourense.org

Formato da proba escrita/ou oral que pode incluír os seguintes apartados

- a) Pregunta a desenvolver, na que se aplicarán os criterios c) e d).
- b) Comentarios de audición, nos que se aplicará o criterio a).
- c) Comentario ou reseña dun texto, no que se aplicará os criterios c), d) e e).
- d) Preguntas curtas, para ter en conta criterios b), c) e d).
 - Definicións
 - Identificación e análise de iconografía musical
 - Identificación e análise dunha partitura
 - Preguntas breves
 - Preguntas tipo test.

DEPARTAMENTO DE FUNDAMENTOS DE COMPOSICIÓN

MATERIA: NOVAS TECNOLOXÍAS APLICADAS Á MÚSICA

Proba

Realización dunha proba práctica de utilización do programa Finale, dunha hora de duración. A profesora facilitará unha partitura ao alumnado para que a copie, achegándose o máis posible á orixinal, no programa de edición musical Finale.

O alumnado pode porse en contacto coa profesora con antelación para que lle facilite o programa Finale.

Contidos mínimos esixibles

- Elementos básicos da notación musical: figuras, silencios, alteracións, ligaduras de valor e expresivas, o puntillo, as notas de adrono, símbolos de 8ª alta e baixa, creación de patróns de instrumentos, pautas e número de liñas, pentagramas e grupos, armadura, compás e clave, articulacións e calderóns, o cifrado, divisi (escrita por capas)
- Características de cada instrumento: nome, clave, barrado, transporte, eliminar pausas, etc.
- Elementos mais complexos da notación: harmónicos, cruce de notas dun pentagrama a outro, enharmónicos, grupos irregulares, signos de articulación, expresión e repetición, transposición diatónica e cromática, trinos e trémolos, notación antiga, modificación de ca-bezas de nota e plicas, títulos, números de páxina, bloques de texto
- Adición de texto a un fragmento musical: escrita do texto nunha e en varias voces, duplicación do texto no mesmounoutro pentagrama, colocación do texto, colocación individual de sílabas, borrar sílabas, os melismas.

- Formateo e impresión da partitura, tamaño, disposición e sangrado da páxina.
- Impresión: partes extractadas